

O MUNDO QUE QUEREMOS

PROPOSTAS DA

COORDINADORA

GALEGA DE ONG

PARA O

DESENVOLVEMENTO

ELECCIÓN

GALEGAS

2016



Coordinadora
Galega de ONG para
o Desenvolvemento

ÍNDICE DE CONTIDOS

Introdución

Quen somos	05
Un mundo en emerxencia: O contexto internacional	06
A nova axenda internacional: Unha oportunidade para transformar o mundo dende Galicia	07
O modelo de desenvolvemento que queremos as ONGD para Galicia e o mundo	09

As achegas de Galicia para construír un mundo máis xusto e sostible A política de cooperación ao desenvolvemento que queremos: as propostas das ONGD galegas

Impulsar un crecemento anual progresivo e previsible da Axuda Oficial ao Desenvolvemento galega	10
Prover recursos de Axuda Oficial ao Desenvolvemento de calidade, responsables e previsibles	11
Defender a equidade de xénero en todo o mundo	12
Educar para a cidadanía global	12
Promover unha acción humanitaria á altura dos retos actuais (*a crise de persoas refuxiadas)	13
Establecer medidas para que o sector privado non teña un impacto negativo no desenvolvemento	15
Fomentar a participación real e efectiva da sociedade civil	17
Recuperar a Dirección Xeral de Cooperación para o Desenvolvemento	17
Actualizar o marco normativo da política galega de Cooperación ao Desenvolvemento	17

Políticas públicas galegas coherentes cos dereitos humanos e o desenvolvemento humano sostible: as propostas das ONGD galegas

Introdución: o enfoque da Coherencia de Políticas. (*Propostas das ONGD especializadas)	19
Loitar contra a pobreza e a desigualdade na nosa sociedade: a blindaxe dos dereitos sociais.	19
Promover novos modelos de produción e consumo.	21
Defender os dereitos das persoas migrantes.	23
Defender e protexer á infancia.	23
Loitar contra o cambio climático.	24
Loitar contra a pobreza enerxética.	25
Garantir o dereito humano á saúde.	26
Garantir o dereito humano á vivenda e ao hábitat.	28
Garantir o dereito humano á auga.	28
Promover acceso á tecnoloxía axeitada e igualitaria.	29

Quen somos?

A Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento é unha asociación que agrupa, en 2016, a un total de 46 ONGD que traballan no ámbito da cooperación ao desenvolvemento, a acción humanitaria e de emerxencia, a educación para o desenvolvemento e a incidencia política.

AS ONGD socias da Coordinadora representamos a 31.000 galegas e galegos voluntarios/as, socios/as e persoal contratado que confían no noso traballo diario para mellorar a vida de miles de persoas que viven en países empobrecidos e promover unha sociedade galega crítica e comprometida co desenvolvemento humano e sostible.




Coordinadora
Galega de ONG para
o Desenvolvemento


Para máis información:


Coordinadora Galega de ONGD

Rúa dos Basquiños nº33 1ªA
Santiago de Compostela

 **981.58.51.89 · 618 626 627**

 proxectos@galiciasolidaria.org
sensibilizacion@galiciasolidaria.org

 @cgongd

 Coordinadora Galega de ONGD

Un mundo en emerxencia:

O contexto internacional

A **pobreza** segue afectando a 2.200 millóns de persoas nos países empobrecidos¹ e, como consecuencia da crise e das políticas aplicadas, tanto nos países desenvolvidos como no Estado español, tense profundado afectando especialmente á poboación infantil, ás mulleres e degradando as condicións laborais de amplas capas da poboación². Sen embargo, este proceso de empobrecemento dáse parello a un crecemento económico que non ten precedentes, o PIB multiplicouse 60 veces nos últimos 50 anos.

As **desigualdades** actuais, tanto entre países como no interior de cada país, tamén acadan récords históricos e son sen dúbida reflexo dun sistema económico enfermo. Hoxe as 62 persoas máis ricas do mundo posúen os mesmos recursos que a metade máis pobre da poboación³ Non fai moito, en 2010, eran 388 persoas. A riqueza en mans das 62 persoas máis ricas do mundo incrementouse nun 45% en apenas cinco anos. Mentres tanto, a riqueza en mans da metade máis pobre da poboación caeu máis do 38%. E isto sucede mentres o entramado mundial de paraísos fiscais permite que unha minoría privilexiada oculte neles entre 7 e 12 billóns de dólares. O Estado español tamén adoce desta problemática, onde a concentración de renda ten sido un proceso constante ao longo da crise.

As desigualdades son moitas e diversas, no eido da equidade de xénero acada cifras alarmantes, estímase que 7 de cada 10 persoas pobres son mulleres⁴ e a pesar de realizar as dúas terceiras partes do traballo a nivel mundial as mulleres só reciben o 10% dos ingresos⁵ ademais, a violencia de xénero é unha das principais causas de morte das mulleres de 15 a 44 anos no mundo por diante da suma das mortes provocadas polo cancro, a malaria, os accidentes de tráfico e as guerras⁶.

A isto hai que sumarlle a profunda **crise ecolóxica**, e que de novo afecta as persoas máis vulnerables. O 70% de quen sofren a pobreza extrema en países empobrecidos viven en áreas rurais, e son estas precisamente as máis sensibles aos impactos do modelo de produción extractivo e de alimentos e ao cambio climático⁷. Por outra banda xa superamos a biocapacidade da terra⁸ e segundo el Instituto de Medioambiente de Estocolmo existen 9 sistemas fundamentais para a vida – “fronteiras planetarias” – en risco de colapso⁹.

Por último, non podemos esquecer que somos testemuñas do maior movemento de **desprazamentos forzosos** dende a II Guerra Mundial. 65 millóns de persoas víronse forzadas a saír das súas casas, das cales se calcula que 20 millóns o fixeron por causas asociadas ao cambio climático¹⁰. O mar Mediterráneo converteuse nunha gran fosa común na que miles de persoas perderon a súa vida. Estímase que no Mar Mediterráneo afogáronse sen chegar a Europa máis de 30.000 persoas desde o ano 2000, máis de 3.000 no que vai de ano. Son persoas migrantes e refuxiadas que escapan dos desastres naturais, a pobreza, dos conflitos armados ou a violación de DDHH.

¹ Datos do Banco Mundial, <http://www.bancomundial.org/es/topic/poverty/overview>

² Segundo a European Anti Poverty Network España ten 29,2% da poboación en risco de pobreza e exclusión. Ademais, España é o país europeo, despois de Grecia, que máis aumentou este índice desde 2008. <http://www.eapn.es/dp.php?id=5>

³ Ver o informe de OXFAM “Una Economía al Servicio del 1%”, https://www.oxfam.org/sites/www.oxfam.org/files/file_attachments/bp210-economy-one-percent-tax-havens-180116-es_0.pdf

⁴ ONU Mujeres: http://www.unifem.org/gender_issues/women_poverty_economics/
<http://coordinadoraongd.org/2015/03/8-de-marzo-urgen-politicas-nacionales-e-internacionales-que-garanticen-los-derechos-de-las-mujeres/>

⁵ UNDP, “Fast Facts United Nations Development Programme: Gender Equality and UNDP” (2011) <http://www.undp.org/content/dam/undp/library/corporate/fast-facts/english/FF-Gender-Equality-and-UNDP.pdf>

⁶ ONU Mujeres: http://www.unifem.org/gender_issues/violence_against_women/facts_figures.html

⁷ Segundo OXFAM o 10% de la poboación máis rica xera o 50% de las emisións globais. <https://www.oxfam.org/es/sala-de-prensa/notas-de-prensa/2015-12-02/de-acuerdo-un-nuevo-informe-de-oxfam-el-10-mas-rico-de-la>

⁸ Si mantemos ese nivel para 2030 necesitaremos o equivalente a 2 planetas para abastecer a nosa demanda http://www.wwf.es/noticias/informes_y_publicaciones/?30881/WWF-evalua-la-salud-del-Planeta-en-su-informe-Planeta-Vivo

⁹ <https://www.sei-international.org/planetary-boundaries>

¹⁰ Segundo o Centro de Monitoreo de Desplazados Internos: <http://www.internal-displacement.org/assets/library/Media/201505-Global-Overview-2015/20150506-global-overview-2015-en.pdf>

A nova axenda internacional

Unha oportunidade para transformar

o mundo dende Galicia:

É urxente repensar o noso modelo sociedade. As solucións pasan por crear e acelerar as bases sociais e institucionais que incrementen a nosa capacidade de realizar transicións: a transformación do modelo enerxético, do sistema de produción de alimentos, de transporte, do modelo de habitabilidade de cidades e territorios, a conservación de ecosistemas sensibles, a relación co desenvolvemento doutros países e a resposta ás catástrofes humanitarias. E para iso, as nosas sociedades deben superar a forte concentración de intereses que secuestran a axenda política en detrimento dos dereitos e intereses da maioría.

A nova axenda internacional abre unha oportunidade para a colaboración global entre gobernos (estatais e subestatais) e sociedades civís para avanzar na construción de solucións. **Todos os gobernos de todos os niveis deben responder de forma conxunta ás causas e consecuencias globais da pobreza, ás desigualdades e á insustentabilidade ambiental e comprometerse decididamente na defensa dos dereitos humanos en todo o mundo. A axenda internacional, despois do ano 2015, ofrécenos unha oportunidade inigualable para conseguilo:**

• Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (Axenda 2030)¹¹.

Os 17 ODS e 169 metas, establecidos e aprobados por 193 países en setembro de 2015 na Asemblea Xeral de Nación Unidas, marcan a nova axenda internacional de desenvolvemento ata 2030. Obxectivos como poñer fin a pobreza e a fame, reducir a desigualdade dentro e entre países, lograr a igualdade de xénero e o empoderamento de mulleres e nenas, garantir unha vida saudable e o benestar en todas as idades, unha educación de calidade, e formas de produción e consumo sostibles, etc; que por primeira vez son universais. Os novos obxectivos deberanse aplicar en todos os países por igual, tanto aos países enriquecidos coma aos empobrecidos. Todos os países teñen que poñer medios e medidas para que as metas e obxectivos acordados se cumpran tanto a nivel internacional coma a nivel doméstico. Recoñécese así que vivimos nun mundo interconectado onde os problemas e as solucións deben ser compartidas e globais.

• Nova axenda de desenvolvemento Addis Abeba ¹².

Aprobada en 2015 co acordo de xear recursos que garantan a aplicación da Axenda 2030. Os países enriquecidos comprometéronse a manter as súas axudas ao desenvolvemento no 0,7 %, ou aumentalas, no caso da UE, ata dedicar un 0,2 % do seu ingreso nacional bruto. Ademais regularanse incentivos públicos para intentar aliar o investimento privado co desenvolvemento sostible.

¹¹ Unha valoración da Axenda 2030 realizada pola plataforma Futuro en Común en: <http://coordinadoraongd.org/wp-content/uploads/2016/06/Valoraci%C3%B3n-Agenda-2030-Futuro-en-Comun.pdf>

¹² <http://www.un.org/esa/ffd/ffd3/>

•Plataforma de Acción Beijing +20¹³.

Que sitúa o xénero no centro da axenda internacional para loitar contra a feminización da pobreza e crear estratexias para dar cumprimento aos dereitos humanos na vida das mulleres. Tras 20 anos de posta en marcha da Plataforma de Acción de Beijing a axenda de xénero continúa sendo un ámbito de acción esencial.

•COP-21 (Conferencia Internacional sobre Cambio Climático)¹⁴.

Celebrada en París en 2015, acadou o acordo internacional de manter, a final de século, o quecemento global por debaixo dos 2°C sobre os niveis preindustriais, e facer o posible para que sexa por debaixo de 1,5°C.

•Pacto Galego contra a Pobreza¹⁵.

En Galicia todos os grupos políticos representados no Parlamento Galego asinaron o Pacto Galego contra a Pobreza, un documento impulsado pola Coordinadora Galega de ONGD que recolle compromisos políticos concretos en relación á cooperación internacional ao desenvolvemento, á loita contra as desigualdades e a favor da xustiza social; tamén no eido do comercio xusto, loita contra o cambio climático, a igualdade de xénero, etc.

•III Plan Director da Cooperación Galega 2014-2017¹⁶.

Dende o sector das ONGD non compartimos en moitos puntos o sentido e obxectivos do texto do III Plan Director da Cooperación Galega. Sen embargo, cremos que no esencial o texto é un documento que serve de base para coordinar todos os esforzos que en materia de cooperación se fan dende as distintas administracións galegas. Coordinar os esforzos das distintas administracións e actores que participamos da política de cooperación ao desenvolvemento é esencial para conseguir que a cooperación galega teña máis capacidade, e impacto e adquira maior experiencia nos sectores e países nos que actualmente traballa.

¹³ <http://beijing20.unwomen.org/es/about>

¹⁴ <http://unfccc.int/resource/docs/2015/cop21/spa/l09s.pdf>

¹⁵ http://galiciasolidaria.org/contenido.php?idget=documentos_online&idoc=doc20120800000117

¹⁶ http://cooperaciongalega.org/documentos_ver.php?idSeccion=115&idelemento=100&idTipo=8

O modelo de desenvolvemento que queremos as ONGD para Galicia e o mundo

Partimos dun concepto de desenvolvemento que pon no centro ás persoas e os hábitats e ecosistemas nos que estas viven. Iso implica que toda medida orientada a promover o desenvolvemento debe:

- Responder de xeito efectivo aos tres desafíos globais que a Axenda 2030 de Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, aprobada por NN.UU o pasado setembro, identificou como prioritarios: pobreza, desigualdade, e sustentabilidade, e facelo enfrontando as súas causas estruturais.
- Colocar no centro do conxunto da axenda política a garantía dos Dereitos Humanos tendo en conta o seu carácter integral, universal, indivisible e interdependente; así como o fortalecemento da democracia para que sexa máis inclusiva, transparente e faga máis partícipe á cidadanía.
- Prestar atención específica á desigualdade que afecta ás mulleres, dende unha garantía estrita dos seus dereitos.
- Partir dunha defensa do público como ámbito de actuación privilexiado para asegurar a cohesión social, e a resolución dos problemas globais que nos afectan.

As achegas de Galicia para construír un mundo máis xusto e sostible

A política de cooperación ao desenvolvemento que queremos: As propostas das ONGD galegas

Recuperar a política de Cooperación ao Desenvolvemento como unha política social e pública, con impacto, previsible e transparente, á marxe da loita partidista, e orientada á loita efectiva contra a pobreza e as desigualdades. Para elo débese:

01 Impulsar un crecemento anual, progresivo e previsible da axuda oficial ao desenvolvemento galega.

Este crecemento terá sempre como horizonte o 0,7% do orzamento consolidado da Xunta de Galicia en materia Axuda Oficial ao Desenvolvemento (AOD), partindo dun mínimo de 6 millóns de euros e acadando de forma progresiva e planificada o 0,2% ao final da lexislatura. O crecemento progresivo debe ligarse a un calendario de desembolsos público e planificado conxuntamente cos distintos axentes de cooperación.

No Estado español: entre 2010 e 2015 a axuda oficial española reduciuse case un 70%, pasando do 0,46% da riqueza do país ao 0,13% nese período, o que nos sitúa en cifras dos anos 80, cando España non era un país do club de doantes¹⁷ O Estado español foi o país do CAD que en maior medida e máis rápido recortou a súa axuda. O informe de avaliación da OCDE da cooperación española do pasado mes de marzo foi demoledor no eido da redución orzamentaria e supón un espaldarazo ás críticas lanzadas dende o sector das ONGD nos últimos anos¹⁸.

En Galicia: a política de cooperación ao desenvolvemento foi a política social máis recortada, caeu máis dun 64% desde o ano 2009 (ano no que acadou o seu máximo histórico cunha dotación de 12 millóns de euros e un 0,1% de dedicación orzamentaria). Galicia sempre estivo no furgón de cola das CCAA menos solidarias e o peso da política de cooperación sobre a totalidade do orzamento galego sempre foi marxinal, pero aínda así foi gravemente recortada coa escusa da crise. Os recortes en cooperación ao desenvolvemento dificilmente tiveron impacto no control do déficit público e sen embargo si afectaron a centos de persoas de países empobrecidos.

Actualmente Galicia destina o 0,04% dos seus orzamentos á cooperación ao desenvolvemento, a menor dedicación orzamentaria dos últimos 15 anos. En 2016, mentres 8 CCAA aumentaron a súa dedicación orzamentaria, en Galicia, malia que este ano aumentou o orzamento xeral da Xunta, os orzamentos destinados á política de cooperación ao desenvolvemento seguen estancados.

A avaliación intermedia do III Plan Director de Cooperación Galega¹⁹ cita literalmente cales están a ser os efectos destes recortes, xa que o “baixo esforzo inversor da Xunta de Galicia está a atrancar o despregamento efectivo do músculo instrumental da Cooperación Galega minguando a súa capacidade para xerar cambios positivos e sostibles nas vidas das persoas, comunidades e países cos que se asocia. Ao tempo, a calidade da axuda galega estase a ver afectada por mor da fragmentación da axuda que impide a execución de proxectos cun impacto e alcance superiores aos actuais no eido da acción humanitaria e da cooperación ao desenvolvemento”.

¹⁷ Máis detalle en: <http://www.realidadayuda.org/>

¹⁸ <http://coordinadoraongd.org/2016/03/dice-informe-del-cad-la-cooperacion-espanola-2/>

¹⁹ <http://cooperaciongalega.org/documentos.php?idSeccion=115&idTipo=8>



E recomenda literalmente que “sería preciso incrementar a dotación orzamentaria do programa 331A para situar á Cooperación Galega no horizonte do promedio autonómico que no bienio 2014-2015 se situou nos 6,8 millóns de euros” (cun esforzo inversor do 0,07% do orzamento total consolidado do conxunto das comunidades autónomas).

02 Prover recursos de axuda oficial ao desenvolvemento de calidade, responsables e previsibles.

A avaliación intermedia do III Plan Director de Cooperación Galega establece que a “Cooperación Galega debe profundar nun maior esforzo inversor a través do aumento da dotación orzamentaria do programa 331A de cooperación ao desenvolvemento co obxectivo de garantir o financiamento pleno do conxunto de instrumentos (convocatorias e convenios) previstos no III Plan Director e nos correspondentes Plans Anuais” xa que “a insuficiencia orzamentaria atranca a mellora da previsibilidade da axuda ao non permitir xerar un marco estable e confiable de programación operativa a medio prazo dos axentes galegos de cooperación e dos seus socios de desenvolvemento”.

As ONGD galegas obteñen boa parte do seu financiamento público a través da Xunta de Galicia, principalmente a través da concorrencia a diferentes convocatorias de subvencións promovidas dende a DXRREE e coa UE. O raquíτικο orzamento da cooperación galega dos últimos anos levou a que a Xunta non contase con fondos suficientes para publicar as convocatorias ordinarias dirixidas aos diferentes axentes de cooperación e previstas no III Plan Director de Cooperación Galega. Sendo estas o principal instrumento de financiamento e traballo para os axentes da cooperación galega así como a ferramenta a través da cal se garante a previsibilidade e estabilidade desta política pública e social. Para facernos unha idea da importancia desta problemática compre dicir que máis dun 70% da Axu-

da Oficial ao Desenvolvemento galega canalízase a través destas convocatorias públicas e sobre un 70% dos fondos son canalizados a través de ONGD. En 2016, e por mor da insuficiencia orzamentaria, só se publicaron dúas das convocatorias habituais. Non viron a luz nin a convocatoria de axuda humanitaria, nin a de fortalecemento para ONGD, nin a de microproxectos, nin a de investigación ao desenvolvemento. E a convocatoria de proxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior estivo dotada de ata 800.000 euros menos que no ano anterior. A consecuencia directa desta realidade son menos proxectos en marcha e graves problemas de planificación para os axentes de cooperación ao desenvolvemento, coma as ONGD. E o máis importante, moitas persoas excluídas de procesos de desenvolvemento que ían ter garantida unha mellor calidade de vida a través da promoción e defensa dos dereitos humanos, da construción de infraestruturas básicas e da loita contra a discriminación e as desigualdades de xénero.

Polo tanto, e **para conseguir que os recursos de axuda oficial ao desenvolvemento sexan de calidade, responsables e previsibles**, o aumento da dedicación orzamentaria, ao que nos referiamos no anterior punto, debe ir acompañado de:

- **Previsibilidade e continuidade das distintas liñas de convocatorias públicas en concorrencia competitiva previstas no III Plan Director de Cooperación Galega e dirixidas aos distintos axentes de cooperación.** Xa que estas son o principal instrumento da cooperación galega. Por outra banda, recuperar, ao tempo que aumenta a porcentaxe de adición orzamentaria, e así o permita, os instrumentos de “programas” que permitían desenvolver de forma continuada e planificada proxectos de longa duración (4 anos). Os programas deberían habilitarse para proxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior e proxectos de educación para o desenvolvemento.
- **Compromisos orzamentarios plurianuais asegurando índices de execución orzamentarios de alomenos o 90%** sobre os compromisos ad-

quiridos en materia de cooperación ao desenvolvemento.

→ **Continuidade nas porcentaxes de canalización de axuda da cooperación galega** que existen agora mesmo nestes dous eidos:

a. Débese manter as convocatorias públicas en concorrencia competitiva como principal instrumento de canalización da Axuda Oficial ao Desenvolvemento (AOD) galega, para garantir a transparencia e xestión eficaz da mesma. **Entre un 70 e un 75% da AOD galega se canaliza a través de convocatorias públicas.**

b. Débese manter a canalización da Axuda Oficial ao Desenvolvemento galega a través das organizacións da sociedade civil. Actualmente aproximadamente **un 70% dos recursos desembolsables da cooperación galega canalízase a través de ONGD.**

As ONGD somos organizacións de base da sociedade civil que defendemos na nosa misión, visión e traballo diario a promoción dos dereitos das persoas e a loita contra as desigualdades e a pobreza. Este obxectivo non é unha liña estratéxica máis ou unha consecuencia indirecta do noso traballo. É a nosa misión fundamental, o motivo polo que existimos, e este é un valor engadido que nos diferencia do resto de axentes de cooperación, como poden ser as entidades do sector privado que cada vez adquiren maior protagonismo no eido da cooperación.

As organizacións da sociedade civil dos países deben ser as principais protagonistas das políticas de cooperación ao desenvolvemento. Isto pasa por apoiar o fortalecemento das ONGD e fomentar a participación e o diálogo coas mesmas no deseño das políticas de cooperación. O papel da sociedade civil é importante, non so para impulsar a mellora das políticas públicas senón tamén para que estas poidan exercer adecuadamente o seu rol de monitoreo, vixianza e fiscalización social, imprescindible no camiño de promover a garantía dos dereitos humanos e o desenvolvemento sustentable. A política de cooperación ao desenvolvemento non debe

nin pode converterse nun instrumento a favor da xeopolítica ou enfocada a crear condicións favorables para os nosos intereses económicos ou os do noso tecido empresarial.

03 Defender a equidade de xénero en todo o mundo

A defensa dos dereitos da mulleres foi sempre un dos elementos identitarios da cooperación ao desenvolvemento que se fixo dende o Estado español, contribuíndo ao seu prestixio internacional. Os recortes lastraron os procesos institucionais e sociais aos que se tiña contribuído dende esta política social.

Para contribuír a esta axenda, tanto en Galicia coma no mundo, débese apoiar e promover medidas para eliminar a discriminación por motivos de xénero que rachen coa feminización da pobreza a través da canalización de fondos a estratexias que fomenten o cumprimento dos dereitos humanos na vida das mulleres. Polo tanto, promoveranse accións que garantan:

- O acceso das nenas e as mulleres á alfabetización e educación básica, á atención sanitaria, á auga potable e ao saneamento básico.
- A garantía dos dereitos económicos, civís, políticos, xurídicos, culturais, sexuais e reprodutivos das nenas e as mulleres.
- A erradicación da violencia sexual, da explotación e trata de mulleres, da violencia de xénero e do feminicidio.

04 Educar para a cidadanía global.

A Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global (EpDCG) busca unha sociedade civil activa, crítica, competente e preocupada polos temas colectivos, que reclama o seu protagonismo e fai presión aos gobernos para lograr o benestar

de todas as persoas. Trátase, por tanto, dunha estratexia imprescindible na cooperación ao desenvolvemento que ten catro dimensións de traballo claves: a sensibilización, a formación, a investigación e a mobilización social.

Para impulsar a EpDCG como estratexia para a construción dunha sociedade comprometida, crítica e solidaria en Galicia, é preciso:

- Garantir un compromiso orzamentario para a EpDCG dun mínimo do 10 % do total da Axuda Oficial ao Desenvolvemento da Xunta de Galicia. Estes fondos deben contribuír a poñer en marcha iniciativas plurianuais no eido da sensibilización e a mobilización social, a formación e a investigación para o desenvolvemento.
- Incorporar progresivamente nos currículos das distintas etapas educativas e formacións oficiais a EpDCG, a educación en dereitos e a educación para a paz como materias específicas e transversais.
- Comprometer unha dotación orzamentaria que permita executar de forma eficiente a Estratexia de Educación para o Desenvolvemento da Xunta de Galicia que actualmente está en proceso de aprobación. Sen un orzamento realista, a estratexia pode quedar reducida a un posicionamento de boas intencións.

05 Promover unha acción humanitaria á altura dos retos actuais.

Avanzar na mellora de capacidades e instrumentos na xestión da acción humanitaria para desenvolver unha AH coherente e coordinada. Isto pasa, en primeiro termo por **recuperar a convocatoria aberta e permanente de axuda humanitaria e mantela cunha dotación orzamentaria anual dun 10% do total da Axuda Oficial ao Desenvolvemento da Xunta de Galicia.** Incorporando a normativa en materia de

calidade da axuda humanitaria establecida internacionalmente.

Neste eido, apoiamos as **demandas da Rede Galega en Apoio ás Persoas Refuxiadas**²⁰, que se expoñen a continuación, e esiximos a derogación do acordo entre a UE e Turquía co obxectivo de garantir:

5.1. Rutas legais e seguras sen condicións:

O acordo non se compromete a ofrecer rutas legais e seguras para as persoas migrantes, refuxiadas e solicitantes de asilo. A escusa de crear unha solución que acabe co tráfico de persoas crea un falso discurso. Precisamente o que se fomenta con este acordo é que as persoas collan outras rutas máis perigosas. Por iso é necesario unha alternativa humana, legal e responsable, baseada no reasentamento incondicional de persoas refuxiadas cun número de prazas suficientes e nunha vontade política dos países da UE para que o sistema de recolocación respecte os dereitos humanos.

5.2. O cumprimento dos convenios internacionais e as directivas e regulamentos europeos en materia de asilo e refuxio:

As persoas solicitantes de asilo teñen dereito a procedementos de asilo individualizados e con todas as garantías. Aínda así, o acordo entraña o risco das expulsións colectivas, xa que non se explica como van poder avaliarse de maneira significativa, e con todas as garantías xurídicas suficientes, as solicitudes individuais en procedementos de asilo acelerados.

A proposta de que por cada persoa refuxiada siria que sexa devolta a Turquía desde Grecia se reasente a outra tamén siria na UE é inmoral e carece de fundamento xurídico sustentable. O que verdadeiramente implica esta medida é que cada praza de reasentamento na UE dependa de que outra persoa arrisque a súa vida embarcándose na mortal ruta por mar a Grecia.

²⁰ <http://www.rederefuxiadas.org/>

5.3. O respecto dos dereitos humanos nas fronteiras e garantía na protección das persoas, en especial ás menores e as máis vulnerables:

Unha de cada tres persoas que están a chegar a Europa son menores, a maioría das cales se atopan sen escolarizar. O acordo supón a vulneración de dereitos fundamentais da infancia, como o dereito á consideración primordial do seu interese superior, ademais do dereito á vida en familia, o dereito á educación ou á saúde. Do dereito a non ser separadas dos seus familiares, do dereito á reunificación familiar, do principio básico de que ningún neno ou nena será devolto agás no caso de que se comprobe que alguén se fará cargo del ou dela no país de orixe e que non queda exposta a situacións de risco, A Convención dos Dereitos da Infancia é moi clara en relación coa protección especial que deben ter as menores refuxiadas ou que soliciten asilo. Tamén as mulleres sofren de xeito especial esta crise ao estar expostas ao acoso, á explotación e á violencia sexual durante a viaxe e, tamén, ao chegar a Europa. Ademais das mulleres embarazadas, colectivos vulnerábeis como as persoas enfermas ou persoas con diversidade funcional non están a recibir asistencia médica especializada.

Tamén, instamos á Xunta de Galicia e aos gobernos locais a que se manifesten en contra deste vergoñoso acordo e que traballen na defensa dos dereitos das persoas migrantes e refuxiadas.

Para iso, demandamos ao goberno estatal, á xunta de galicia e aos gobernos locais :

- *Ampliar e axilizar o sistema de asilo para as persoas que xa están no Estado español e Galicia que actualmente están pendentes de ser atendidas, mediante o reforzo da Oficina de Asilo e Refuxio do Ministerio do Interior e de persoal debidamente formado nas Oficina de Estranxeiría, para conseguir unha maior axilidade nas entrevistas de solicitude.*
- *Unha maior sensibilidade á hora de dar resposta ás persoas que no poden acceder ao sistema de*

acollida porque está colapsado (en lugares como Madrid tórdase un mínimo de 4 meses en obter unha cita).

- *Que as administracións asuman que son elas as responsables de garantir os dereitos das persoas refuxiadas e promover a súa autonomía. Iso significa que haberá que promover a súa integración facilitando alugueres de pisos, garantido o acceso ao sistema educativo e sanitario, a través da mediación lingüística, etc.*
- *Que a Xunta de Galicia poña a disposición das persoas migrantes e refuxiadas recursos que tamén beneficien ao conxunto das persoas en situación de pobreza e/ou exclusión: recursos sanitarios, de reforzo escolar e educación inclusiva plena, de tradución, de integración e mediación, etc. Para iso, ademais de incrementar os escasos recursos existentes, haberá que promocionar a formación entre as persoas que os atenden e asegurar a coordinación cos xa existentes.*
- *A posta en marcha dun programa de formación dirixido ao persoal das administracións públicas que atenden en distintos servizos a persoas migrantes e refuxiadas.*
- *Vontade de interlocución entre as diferentes administracións: estatal, autonómica e local. Que as organizacións sociais e os concellos traballemos conxuntamente, man a man, na posta en marcha de campañas de sensibilización dirixidas á poboación para combater os discursos racistas e xenófobos; para rachar cos discursos que falan de migrantes de primeira e de segunda; e para falar das causas da pobreza e das guerras. Que se recuperen os fondos de cooperación ao desenvolvemento e os programas de atención á poboación de orixe estranxeira previos aos recortes, o cal contribuirá a mellorar a situación nos países de orixe e a construír unha sociedade xusta e cohesionada.*
- *Que se actúe sobre os problemas de orixe: adoptando medidas para loitar contra a desigualdade, reducir a pobreza e previr os conflitos armados nas zonas de orixe; cumprindo rigorosamente co Tratado de Comercio de Armas; e garantindo que as políticas comerciais, económicas e diplomáticas respectan os dereitos humanos e os recursos*

locais e que as empresas transnacionais non esquilman os recursos dos países de orixe e cumpren as leis de transparencia e fiscalidade (de xeito que non saían dos países en forma de evasión de impostos cantidades que superan amplamente as partidas de axuda oficial ao desenvolvemento).

→ *Que se revise en profundidade a política migratoria e exterior europea. O modelo de “Europa fortaleza” está a dilapidar millóns de euros nunha sinistra infraestrutura de vixilancia, disuasión, control, intimidación e violencia mentres elude calquera xestión global que antepoña a vida das persoas. Só abandonando a actual política exterior baseada no lucro imperialista que vulnera a soberanía dos pobos e camiñando cara unha outra centrada na cooperación e na loita contra as desigualdades, poderemos atallar a raíz das crises migratorias e actuar de maneira solidaria perante os seus efectos.*

06 Establecer medidas para que o sector privado non teña un impacto negativo no desenvolvemento.

No eido da cooperación ao desenvolvemento as empresas están adquirindo cada vez máis protagonismo. Para analizar a importancia desta tendencia non podemos separar o papel das empresas como actores que producen desenvolvemento (que participan da actividade económica dos distintos países e pobos) do papel das empresas como actores de cooperación ao desenvolvemento (que participan especificamente da política de cooperación ao desenvolvemento). As empresas son actores de desenvolvemento e producen desenvolvemento participen ou non da política pública de cooperación ao desenvolvemento. E fano moito máis que as ONG ou o sistema internacional de cooperación.

Dende a Coordinadora Galega de ONGD cremos que **no eido da definición estratéxica de programas e**

proxectos de cooperación internacional as entidades do sector privado lucrativo non poden ser protagonistas. A súa actuación debe focalizarse en actuar como complemento e apoio, dende a súa especialidade na provisión de bens e servizos, aos actores que si teñen a cooperación ao desenvolvemento como razón de ser.

E cando as empresas participen de forma non estratéxica nos procesos de cooperación ao desenvolvemento (contratacións, asistencia técnica, etc) teñen que facelo sempre **sen substituír a obriga legal dos estados de prover Servizos Públicos e cun enfoque de fortalecemento de capacidades que non estableza relacións de dependencia.**

Ademais, consideramos que en todas as modalidades de participación da empresa en cooperación ao desenvolvemento ten que haber un valor engadido que xustifique a súa intervención. Isto significa que, ademais dos condicionantes expostos anteriormente (non subsistir a obriga dos estados de prover SSBB e traballar sempre dende o enfoque de fortalecemento de capacidades) non se pode substituír ao propio tecido produtivo do país socio.

Sen embargo, e debido a que a Lei 3/2003 de Cooperación ao desenvolvemento de Galicia si recoñece ás empresas e ONGD ao mesmo nivel, na súa consideración de axentes de cooperación ao desenvolvemento, cremos que polo menos débese asegurar que as empresas que desexen participar da política galega de cooperación ao desenvolvemento deben facelo baixo unha serie de requirimentos que garantan que a súa participación no eido do desenvolvemento é positiva e non negativa.

Polo tanto, cremos que un requisito mínimo que se debe garantir é que **as empresas que non demostren unha actuación responsable de acordo co respecto aos DDHH, ao medio e aos dereitos laborais tanto en Galicia como nos países onde se asentan, e que participen da elusión e evasión fiscal ou teñan presenza en paraísos fiscais non deberían ser consideradas axentes de cooperación ao desenvolvemento**, e polo tanto, non deberían poder inscribirse no rexistro de axentes de cooperación habilitado pola Xunta de Galicia. Neste eido facemos nosas, e aplicables ao ámbito galego, as

demandas da Coordinadora estatal de ONGD cando fala dun “Marco positivo para o sector empresarial produtivo” destinadas a regular a actividade das empresas e a mellorar a súa rendición de contas e transparencia. E que son as que se expoñen a continuación:

UN MARCO POSITIVO PARA O SECTOR EMPRESARIAL PRODUCTIVO:

- a. *Que o Goberno desenvolva mecanismos que aseguren que o sector empresarial respecta na súa actuación os convenios internacionais en materia de dereitos humanos, medioambiente e dereitos laborais, así como as directrices sobre a conduta e bo goberno corporativo. O Estado español debe ademais esixir o obrigado cumprimento de todos estes códigos e principios desenvolvendo a lexislación e penalización correspondente, seguindo as recomendacións do Representante Especial das Nacións Unidas para empresas e Dereitos Humanos, John Ruggie*
- b. *Que o Goberno desenvolva garantías que aseguren que a participación do sector empresarial como actor do desenvolvemento non menoscaba a obrigación dos Estados de prover servizos sociais básicos á súa cidadanía, nin favorecen procesos de privatización na súa xestión.*
- c. *Que o Goberno contribúa a poñer fin aos parasos fiscais, evitando o custo que a evasión e elusión fiscal teñen no desenvolvemento, en especial polos abusos de parte das grandes corporacións transnacionais e dalgunhas grandes fortunas. Esixindo responsabilidade e transparencia financeira das multinacionais. Para iso, debe apoiarse a iniciativa para un marco vinculante sobre o reporte financeiro país por país similar ás iniciativas adoptadas en Estados Unidos (coa lei Dodd Frank) e na UE (proposta de reforma da directiva Contable e de Transparencia). E apoiando políticas nacionais e marcos de cooperación rexional destinadas á adopción de sistemas fiscais máis xustos e progresivos, nos que empresas e grandes fortunas aportan unha contribución xusta.*
- d. *Que os gobernos incorporen regulación financeira e un marco de transparencia para poñer fin aos abusos que teñen un impacto directo na especulación e disfunción dos prezos das materias primas alimentarias.*
- e. *Que os gobernos supriman os subsidios á produción e comercialización dos agro combustibles que limitan e reducen as capacidades de cultivos e recursos vitais cara a usos non alimentarios, ademais de alterar a estabilidade dos mercados.*
- f. *Que os gobernos supriman as restricións á exportación dos países máis pobres, que xeran unha alta distorsión no acceso e funcionamento do mercado. E regulen o acaparamento de terras por sectores minoritarios e especulativos, mellorando a información e a transparencia nos contratos sobre terras, entre outras medidas.*
- g. *Que o sector empresarial asuma un conxunto de medidas destinadas a mellorar a transparencia e a rendición de contas das súas actuacións.*
- h. *Que o sector empresarial apoie e implemente os principios e requisitos internacionais vinculados á transparencia das actividades relacionadas co sector extractivo.*
- i. *Que o Goberno esixa a aplicación e xeneralización dos estándares medioambientais equiparables aos de España e as tecnoloxías máis efectivas dispoñibles a fin de minimizar e mitigar os riscos medioambientais e o cambio climático.*
- j. *Que o Goberno estableza mecanismos de avaliación e seguimento dos compromisos adquiridos, de cara garantir o cumprimento efectivo dos mesmos. Isto podería levarse a cabo mediante órganos de verificación multipartitos (compostos por representantes de empresas, administracións, ONGD, sindicatos, academia, comunidades locais, etc.)”.*

07 Fomentar a participación real e efectiva da sociedade civil.

Débase institucionalizar a participación das organizacións da sociedade civil (OSC). **As OSC deben ter un papel recoñecido no deseño, organización e xestión das políticas públicas, para o cal se deben reforzar os espazos de diálogo e consulta, e se deben garantir mecanismos para ter unha sociedade informada e implicada.** No eido da cooperación ao desenvolvemento, o goberno galego debe seguir facilitando e promovendo a participación da sociedade civil no deseño da política de cooperación ao desenvolvemento (nos documentos estratéxicos que definen as prioridades sectoriais e xeográficas da Cooperación Galega, nos marcos normativos, en convocatorias públicas, etc). Neste eido, debemos facer referencia ao **Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (CONGACODE)**, o órgano de consulta e participación da sociedade galega en materia de cooperación para o desenvolvemento; **este non debería ser só un espazo de validación de propostas do goberno senón un espazo de construción colectiva.** Para garantilo, e ao contrario do que pasa agora, debería mellorar o seu funcionamento e a representación da sociedade civil no CONGACODE debera ser de 2/3 do total. O CONGACODE debe ter unha composición mixta: administracións locais e autonómica, ONG de Desenvolvemento, outras ONG que traballan no eido social e/ou con persoas migrantes ou refuxiadas, entidades da economía social, e ou outros colectivos afíns ao traballo en cooperación, educación ou acción humanitaria, persoas de especial relevancia, etc.

08 Recuperar a dirección xeral de cooperación.

Actualmente a Subdirección Xeral de Cooperación Exterior²¹, inserta na Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, é a encargada de xestionar as competencias na política pública de cooperación ao

desenvolvemento. Recuperar unha dirección específica con medios técnicos e recursos económicos suficientes para desenvolver a política pública e social de cooperación ao desenvolvemento, ao tempo que se produce o necesario aumento do esforzo orzamentario, daría mostra dun maior compromiso con esta política.

09 Actualizar o marco normativo da cooperación galega para adaptalo ás especificidades da cooperación ao desenvolvemento.

O obxectivo é contar cunhas normas claras, previsibles e seguras para a tramitación e execución dos fondos públicos destinados á cooperación ao desenvolvemento. **O marco normativo débese adaptar ás especificidades coas que se traballa no ámbito de cooperación:** execución de proxectos fóra de Galicia, por organizacións non lucrativas, en período plurianuais de gasto e en entornas de traballo que esixen flexibilidade e orientación aos resultados. Este proceso de modificación normativo xa foi emprendido por outras CC.AA e a nivel estatal, existindo unha norma de referencia coa que a política galega de cooperación ao desenvolvemento se debería aliñar: o Real Decreto 794/2010, de 16 de xuño, polo que se regulan as subvencións e axudas no ámbito da cooperación internacional²². A Xunta de Galicia ten iniciado o proceso de elaboración dun Decreto de Cooperación Exterior para o Desenvolvemento²³ que recolle algún avance positivo no eido normativo pero que aínda está moi lonxe do aliñamento co RD 794/2010, existente a nivel estatal, e que demandamos as ONGD galegas.

Tamén no eido normativo, **as ONGD de todo o estado demandamos a derogación da Lei 27/2013 de racionalización e sostenibilidade da Administración Local** xa que esta dificulta que as administracións municipais poidan garantir o pleno exer-

²¹ <http://cooperaciongalega.org/>

²² <http://www.boe.es/boe/dias/2010/06/25/pdfs/BOE-A-2010-10102.pdf>

²³ <http://transparencia.xunta.gal/tema/informacion-de-relevancia-xuridica/normativa-en-tramitacion/en-prazo-de-envio-de-suxestions/-/nt/0104/proxecto-decreto-cooperacion-exterior>

cicio dos dereitos a todas as persoas e dificulta o fortalecemento da Democracia dende o nivel local, poñendo trabas ao gasto social e de cooperación internacional das administracións locais. Da aplicación deste lei en Galicia, e de acordo ao citado borrador Decreto de Cooperación Exterior, se deriva que as entidades locais galegas que pretendan realizar actividades de cooperación para o desenvolvemento deberán solicitar informe previo e vinculante á consellería competente en materia de

administración local, previa consulta á consellería competente en materia de acción exterior, que o emitirá velando pola inexistencia de duplicidades. Neste eido a demanda fundamental sería, polo tanto, que mentres non se produce a derogación da Lei 27/2013 a Xunta de Galicia evite adoptar medidas que vulneren a autonomía das entidades locais en materia de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento.

Políticas públicas galegas coherentes cos dereitos humanos e o desenvolvemento humano sostible:

As propostas das ONGD galegas

Todos os niveis de goberno de todos os países teñen que poñer o foco na loita contra a pobreza, as desigualdades e a crise ecolóxica tanto a nivel doméstico como a nivel internacional. E deben facelo con políticas coherentes co desenvolvemento humano sustentable no conxunto da acción de goberno. As ONGD demandamos o 0,7% para a Axuda Oficial ao Desenvolvemento pero preocúpanos, e moito, o que faga a Xunta de Galicia co 99,3% do orzamento restante.

Para conseguir isto as ONG de Desenvolvemento galegas apostamos polo chamado enfoque de Coherencia de Políticas (CdD), unha ferramenta para contribuír, dende a visión da cooperación ao desenvolvemento, a acadar un mundo máis xusto e sostible. A CdD aporta criterios e un marco de referencia que permite evitar os posibles impactos negativos doutras políticas como a fiscal, enerxética, migratoria ou comercial noutros países, de forma que se non se lastren os resultados da política de cooperación ao desenvolvemento.

Outro modelo de desenvolvemento, sostible, inclusivo e respectuoso cos dereitos humanos, é posible. Pero so co impulso das cooperación ao desenvolvemento non será suficiente. O resto de políticas deben ser coherentes e consecuentes cos principios da cooperación ao desenvolvemento.

Tal e como advirte o propio CAD desenvolver unha auténtica coherencia de políticas implica revisar as políticas domésticas, neste caso as galegas, e analizar os seus impactos no desenvolvemento humano sostible.

A Axenda 2030 de Obxectivos de Desenvolvemento Sostible²⁴, aprobada por 193 países en setembro de 2015 na Asemblea Xeral de Nación Unidas, é unha oportunidade inmejorable para aplicar a Coherencia de Políticas dende Galicia, pois réxese polos principios de universalidade (os obxectivos da

axenda son de aplicación en todos os países, incluído o noso), transversalidade (en todos os sectores) e sostenibilidade.

**Neste documento incluímos, de acordo ao exposto, unha serie de exemplos de medidas concretas que impulsarían a coherencia de políticas propostas por diferentes organizacións especialistas na materia e que forman parte da Coordinadora Galega de ONGD.*

Para máis información sobre estas medidas se anexan os contactos das mesmas.

01 Loitar contra a pobreza e a desigualdade na nosa sociedade: a blindaxe dos dereitos sociais.

A loita contra a desigualdade económica extrema, implica a redución da desigualdade de ingresos en todos os países e territorios, tamén na nosa comunidade, para equiparar os ingresos do 10% máis rico e do 40% máis pobre. As medidas propostas neste eido son:

Traballar, na medida das competencias, e incidir no ámbito estatal para establecer un sistema fiscal que recade con xustiza e loite contra a evasión e a elusión fiscal, para garantir o financiamento suficiente e estable das políticas sociais (incluída a de cooperación para o desenvolvemento) de acordo aos seguintes principios:

Gravar progresivamente máis aos que máis teñen e desfacer os privilexios: as empresas e individuos deben tributar en función da súa capacidade e da súa actividade económica real.

→ Trasladar a carga tributaria do traballo e o consumo ao patrimonio e o capital, incrementando a presión fiscal correspondente.

²⁴ Unha valoración da Axenda 2030 realizada pola plataforma Futuro en Común en: <http://coordinadoraongd.org/wp-content/uploads/2016/06/Valoraci%C3%B3n-Agenda-2030-Futuro-en-Comun.pdf>

- Manter o imposto sobre o patrimonio, con progresividade real en tipos e tramos e un enfoque harmonizado territorialmente.
- Reforzar o imposto sobre sucesións e doazóns para grandes fortunas, como mecanismo para reducir a perpetuación da desigualdade interxeracional.
- Reformar o imposto de sociedades para achegar o tipo efectivo ao tipo nominal e rematar cos beneficios fiscais das grandes empresas.
- Reformar as leis tributarias e/ou aplicalas incorporando estes principios.

Apoiar unha Lei contra a evasión fiscal e medidas para loitar contra o fraude fiscal:

- Priorizando as medidas para poñer fin á evasión e elusión fiscal, especialmente das grandes empresas e as grandes fortunas, e dotando de medios necesarios e adecuados aos servizos de inspección para levalas a cabo.
- Hai que combater a opacidade dos sistemas fiscais e a impunidade dos grandes evasores, esixindo tamén exemplaridade a todos os cargos públicos no cumprimento das súas obrigas fiscais. Ademais, comprometerse a un marco lexislativo de maior transparencia e unha cooperación fiscal efectiva entre administracións tributarias.
- Desde o ámbito foral e municipal apoiar e incidir para que nas instancias competentes se tomen medidas para:
 - a. Lograr que as grandes empresas paguen a parte xusta do que lles corresponde polas súas operacións tanto no Estado español como no exterior.
 - b. Adoptar unha definición sobre paraísos fiscais vinculante e establecer sancións para os países e empresas que os utilicen.
 - c. Impulsar unha arquitectura internacional máis xusta na que todos os países se encontreren representados en igualdade de condicións.

- Promover e conseguir a creación de “Territorios libres de paraísos fiscais” con mecanismos que impidan, en calquera dos niveis da administración e nas empresas públicas, as contratacións públicas con empresas que operan a través de paraísos fiscais.
- Apoiar desde as instancias forais e municipais a posta en marcha da Taxa á Transaccións Financeiras, logrando que o seu deseño incorpore unha base ampla de produtos e co compromiso de que a recadación xerada se destine a políticas de loita contra a pobreza e a desigualdade no noso país e no resto do mundo.

Blindar as políticas sociais que garantan os dereitos básicos e a igualdade de oportunidades de todas as persoas, en concreto educación, saúde e a protección social:

- Traballar para que os dereitos á saúde, educación e a protección social (que inclúa un sistema de garantías de ingresos mínimos) se incorporen no debate sobre a reforma constitucional (e no seu deseño final) como dereitos fundamentais e universais.
- **Incrementar as partidas de Educación e Sanidade** nos orzamentos, para garantir a súa universalidade e a súa calidade. Traballar na partida de Servizos Sociais e protección social, aumentándoa para satisfacer as necesidades dos sectores máis vulnerables e asegurando ingresos suficientes para unha vida digna para todas as persoas.
- Asegurar o dereito a unha sanidade pública, universal e de calidade: Unha sanidade que garanta a asistencia a todas as persoas que a necesiten e que se encontren en territorio español.
- Asegurar o dereito a unha educación pública, universal e de calidade: o ensino sostido con fondos públicos é o alicerce fundamental para garantir a igualdade de oportunidades, a cohesión social, a vertebración de toda a sociedade nun obxectivo común e o progreso individual e social de todos e todas as persoas, e non só duns poucos. Traballar e incidir **para que desde o Goberno Central se derogue a LOMCE** que non garante estes dereitos

- Manter e mellorar o **sistema de garantía de ingresos mínimos**: Un sistema de garantía de ingresos mínimos, supón unha medida eficaz contra a pobreza en xeral e moi especialmente contra a pobreza infantil e familiar. Xunto con esta política, débense levar a cabo políticas de redución dos custos dos fogares (exencións e/ou bonificacións de taxas, ás familias con baixas rendas, nos servizos municipais dirixidos á infancia e adolescencia; becas de comedor; becas para libros; becas para escolas infantís e ludotecas, etc).

Garantir o emprego e os salarios dignos. Fomentar a creación de emprego e unha remuneración suficiente para satisfacer as necesidades básicas mediante:

- Traballar e incidir nas instancias estatais competentes para lograr que se incremente o salario mínimo que permita que todos os traballadores e traballadoras acaden un nivel de vida digno, e que se inclúan, en todos os acordos nacionais e internacionais novos, medidas para reducir a diferenza entre o salario mínimo e un salario digno.
- A Xunta de Galicia e as empresas públicas deben establecer contratos de compras públicas so con empresas que manteñan rangos salariais con fendas que non vaian máis alá do 8 a 1 entre o soldo máximo e o soldo medio, obrigándose a cumprir tamén con este estándar.
- Garantir a igualdade salarial entre homes e mulleres.

Reforzar os sistemas de participación democrática e control cidadán das accións do Goberno Autonómicos e do sector privado empresarial.

- Garantir o **acceso e a calidade da información** cara a cidadanía, con leis específicas de acceso á información suficientemente amplas e que recoñezan este dereito a saber como un dereito fundamental. Mellorar as leis de transparencia existentes e implementalas efectivamente neste sentido.
- Manter os espazos de rendición de contas dos representantes electos cara e coa cidadanía. É preciso romper a dinámica de rendición de

contas cara a dentro dos partidos e entre eles para abrir as instancias de representación política ao diálogo coa sociedade.

- Fomentar unha **democracia participativa**: establecer mecanismos efectivos que garantan a participación cidadá; celebrar referendos obrigatorios e vinculantes para temas de gran impacto social; fomentar a planificación de orzamentos con métodos participativos; articular comités de control e avaliación “multiactor” ou abertos.
- Garantir a independencia e o bo funcionamento dos entes supervisores e reguladores do Estado.
- **Combater de maneira inflexible a corrupción e acabar coa impunidad**. É urxente reforzar a loita implacable contra o fraude e a evasión fiscal, contra o tráfico de influencias e contra a impunidad de quen se aproveita da súa posición de poder político ou económico ao seu favor. Estas dinámicas perniciosas, ademais de ser eticamente reprochables, aumentan as desigualdades e son un impedimento na loita contra a pobreza.
- Garantir a **participación da comunidade educativa** na construción de leis e regulacións neste ámbito.



+ info.:

Oxfam Intermon

www.oxfamintermon.org

981213363

coruna@oxfamintermon.org

02 Promover novos modelos de produción e consumo.

Apostamos polas iniciativas da economía social no eido local, aquelas que priman ás persoas por riba do capital, e que se xestionan de forma autónoma, transparente, democrática, ligada ao entorno e con mecanismos participativos. Isto pasa por fomentar a filosofía da economía social, apoiar a creación de empresas de economía social ou apoiar redes de comercialización de empresas de econo-



mía social entre países empobrecidos e Galicia. No eido de promover novos modelos de produción e consumo máis sociais e sustentables propoñemos:

- **Promover o comercio xusto e o consumo responsable entre a cidadanía e ao interno da propia Xunta**, promovendo tanto campañas de promoción na sociedade civil como a Compra Pública Ética (incluíndo criterios de electrónica ética, alimentos de proximidade, materiais de construción local e a madeira certificada nas convocatorias de licitacións por equipos ou obras). Tamén a través da promoción da Xunta de Galicia de produtos de comercio xusto nas máquinas de vending e as cafeterías dependentes da propia Xunta, comedores escolares ou centros de saúde, etc. Englobamos, así mesmo, nesta liña os servizos bancarios e financeiros na liña da Economía Social, para o que se debería apostar pola utilización de forma prioritaria da Banca Ética e cooperativas de crédito máis achegadas ao terreo (das cales en Galicia hai varios exemplos en funcionamento, Fiare, Coop-57, Ais o O Peto, Caixa Rural, Triodos Bank, etc).
- **Promover circuítos de comercialización curtos** para produtos alimentarios locais, especialmente artesanais e ecolóxicos; patrocinar o consumo consciente, san e de proximidade. Poderíase impulsar, por exemplo, a través de formacións e obradoiros a persoas produtoras locais sobre algúns condicionantes de seguridade alimentaria e etiquetaxe dados pola lexislación actual, que está de costas a este tipo de produtos (e que en lugares como Francia si teñen un peso específico importante e contribúen ao desenvolvemento de tecido produtivo local, especificamente nas zonas máis rurais).
- Traballar pola **promoción dun modelo de desenvolvemento rural e pesqueiro endóxico** con enfoque de soberanía alimentaria e apoiado na pequena agricultura familiar.
- **Favorecer a eliminación dos cultivos transxénicos**. Este tipo de cultivos interactúan co resto de cultivos (e das persoas) de formas, como mínimo, pouco coñecidas, e non contribúen a unha mellora na produtividade de xeito signifi-

cativo a medio prazo, mentres que si aumenta a dependencia exterior das explotacións agrícolas (especialmente as familiares, que son as maioritarias en Galicia e son as máis idóneas para “alimentar Galicia” de xeito máis sustentable). Tamén, promover e facilitar a mellora participativa de variedades endóxenas (por exemplo con feiras de sementes, formacións a labregos e labregas ou convenios con centros de investigación que traballan no tema como pode ser a Misión Biolóxica de Galicia).



+ Info.:

Panxea

www.panxea.org

981937238

redes@panxea.org

Solidariedade Internacional de Galicia

www.solidaridadgalicia.org

981243506

direccion@solidaridadgalicia.org

Oxfam Intermon

www.oxfamintermon.org

981213363

coruna@oxfamintermon.org

Taller de Solidariedade

Www.tallerdesolidaridad.org

982804736

coordinacion@tallerdesolidaridad.org

A Cova da Terra

www.covadaterra.org

982230211

asociacion@covadaterra.org

Amigos da Terra

www.amigosdaterra.net

986229089

cooperacion@amigosdaterra.net

Enxeñería Sen Fronteiras

<http://esfgalicia.blogspot.com.es/>

981167000 Ext 1479 info@galicia.isf.es



03 Defender os dereitos das persoas migrantes.

Promover a inclusión e o respecto polos dereitos humanos de colectivos, persoas e culturas diferentes, especialmente as persoas migrantes e refuxiadas que escapan dos desastres naturais, a pobreza, os conflitos armados ou a violación de dereitos humanos.

Por iso demandamos:

- Máxima coordinación entre Administracións e ONGD expertas en temas migratorios (*Observatorio: creación dun grupo de referencia- onde exista representación da Administración local, entidades sociais “que sexa rotativo” e Xunta de Galicia onde poder consultar asuntos específicos sobre estranxeiría, abordar protocolos de actuación, problemas e ou poder suxerir cuestións) co fin de implicar aos axentes e conseguir máis calidade, transparencia e comunicación. Non duplicar servizos.
- Ter en conta as persoas indocumentadas e en situación administrativa irregular (irregularidade sobrevinda especialmente) nos diversos programas sociais (RISGA, vivenda, sanidade...).
- Actuar na orixe dos problemas. O fluxo migratorio continuará inevitablemente mentres continúen os conflitos e guerras, as persecucións relixiosas e étnicas, as situacións de opresión e extrema pobreza.
- Manter un clima de convivencia, nos respectivos países, de xeito que contribuíamos a evitar posturas extremistas e populistas.
- Financiamento estable e adecuado as entidades non lucrativas do terceiro sector de acción social. Reforzar os itinerarios de inclusión e programas de acompañamento social impulsando ese proceso de cambio cara a inserción real das persoas migrantes e persoas refuxiadas.

No eido da crise de persoas refuxiadas facemos nosas as demandas da Rede Galega en Apoio ás Persoas Refuxiadas recollidas na páxina 13 deste documento.



+ Info.:

Viraventos

www.viraventos.org

881 889 460

info@viraventos.org

Ecos do Sur

www.ecosdosur.org

981 15 01 18

ong@ecosdosur.org

Humanismo e Democracia, H+D

www.hmasd.org

881031319

lmaqueira@hmasd.org

04 Defender e protexer a infancia.

A situación da infancia en Galicia, ao igual que ocorre no resto do territorio español, vense deteriorando alarmantemente nos últimos cinco anos de crise. As nenas e nenos que viven do Estado español sofren a pobreza e a exclusión social con máis intensidade que ningún outro grupo da nosa sociedade. Un de cada tres está en risco de pobreza e exclusión social (ao redor de 3 millóns) cunha crecente desigualdade dentro do territorio. A dimensión dos retos que temos por diante require de consensos entre todos os actores sociais e políticos galegos, incluídos as nenas e os nenos.

Neste sentido, propoñemos a seguintes medidas:

Medidas Xerais

- Impulsar e apoiar un Pacto de Estado pola Infancia con todos os actores políticos e sociais, que estableza como primeira medida na loita contra a pobreza infantil o establecemento dunha axuda universal por fillo/a a cargo
- Deseño de orzamentos que incorporen as partidas de infancia desglosadas e aumento da inversión en infancia na nosa comunidade



- Aprobar unha Estratexia de Infancia integral que harmonice e oriente tódalas intervencións das diferentes administracións públicas destinadas a NNA.
- Garantir que todas as administracións públicas cumpran coa obrigatoriedade imposta pola lei de realizar análise de impacto de todas as leis, políticas públicas e programas dirixidas á infancia.

Medidas no ámbito da educación

- Reforzar o enfoque inclusivo da educación: incrementando as partidas para becas comedor, material escolar, transporte, etc co obxectivo de facer efectiva a educación pública e gratuíta
- Fixar un teito mínimo de inversión per cápita en educación
- Promover un debate social en torno a educación que permita aprobar por consenso amplo unha Lei de Educación duradeira que nos axude a facer fronte aos retos dos século XXI dende unha formación integral e personalizada que incorpore tódalas dimensións do ser humano
- Reforzar o enfoque inclusivo da educación: corrixir a segregación de grupos especialmente vulnerábeis e por sexo e dotar a todos os centros de servizos suficientes de orientación e apoio escolar
- Dotar de maior autonomía á dirección e xestión dos centros educativos e promover gobernos escolares con participación infantil e familiar efectiva

Medidas no ámbito da protección á infancia

- Impulsar e reivindicar un sistema de datos unificado sobre violencia e maltrato infantil integrado coas outras autonomías
- Integrar de forma transversal nos proxectos educativos de educación primaria e secundaria obrigatoria a educación en valores, os dereitos humanos e a cultura de paz. Incluír estas temáticas na formación inicial dos profesionais da educación.
- Establecer a obrigatoriedade de contar cunha política de protección da infancia interna a

todas aquelas organizacións e entidades públicas e privadas que traten directamente con NNA.

- Formación inicial e continua para profesionais da infancia en técnicas de prevención, identificación e notificación de maltrato infantil
- Campañas de sensibilización contra o castigo corporal e outras formas de violencia

Medidas no ámbito da participación da infancia

- Cumprir coa lei e activar con urxencia os Consellos Municipais de Infancia como instrumento esencial para garantir a cidadanía plena de todos os menores de 18 anos.
- Crear estruturas adaptadas e estables de participación infantil a todos os niveis (escolar, municipal, autonómico, estatal...) e dotalas de recursos suficientes para garantir a súa funcionalidade
- Establecer un sistema de rendición de contas a NNA.



+Info.:
Educo

www.educo.org
981 200 826

monica.viqueira@EDUCO.ORG

05 Loitar contra o cambio climático.

Da Conferencia Internacional sobre Cambio Climático (COP-21)²⁵ de París despréndese que **corresponderá a cada estado e a cada nivel das administracións públicas asumir o compromiso voluntario para a redución das emisións de gases de invernadoiro**. Tratándose, polo tanto, dunha cuestión de vontade política, **pedimos a partidos e coalicións:**

- Desenvolvemento dunha axenda CECOP (Comunicación, Educación, Concienciación e Participación Pública) dirixida á poboación xeral e especificamente para aqueles sectores e axentes sociais determinantes.

²⁵ <http://unfccc.int/resource/docs/2015/cop21/spa/l09s.pdf>

- Asumir un compromiso, concreto e avaliable, para a redución dos GEI (gases de efecto invernadero) e políticas de transición para acadar unha sociedade baixa en carbono que incorpore de xeito transversal o “peak oil” e a potenciación das enerxías renovables.



+Info.:

Amigos da Terra

www.amigosdaterra.net

986229089info@amigosdaterra.net

06 Loitar contra a pobreza enerxética.

A loita contra a pobreza enerxética debe ser un pilar esencial no obxectivo de ter políticas públicas galegas coherentes cos DDHH e o desenvolvemento humano sostible. As propostas que realizamos céntrase en tres eixos:

Compromiso coa erradicación da pobreza enerxética (incapacidade dun fogar ou familia para satisfacer un mínimo de servizos enerxéticos para cubrir as súas necesidades básicas domésticas.):

- Promover axudas compensatorias nos casos de impago xustificado socialmente, eliminando os casos de corte de subministro eléctrico e de gas por razóns de vulnerabilidade social, especialmente nos casos de unidades familiares monoparentais e/ou con menores de idade.
- Promover, en colaboración con organismos que traballan con colectivos vulnerábeis, talleres de eficiencia enerxética onde se ofrecen ferramentas para reducir os importes das facturas de luz e gas e consellos prácticos para o uso racional e eficiente da enerxía.
- Promover puntos de información enerxética para orientación personalizada a persoas con dificultades para entender e facer fronte as súas facturas e a detección de posibles situacións de pobreza severa.

- Promover asesorías domiciliarias en casos de pobreza enerxética severa, diagnóstico da situación enerxética dos fogares e proposta de medidas de aforro adaptadas a cada caso.
- Intervencións en fogares en casos de pobreza enerxética severa, executar medidas de aforro enerxético adaptadas a cada caso concreto.

Compromiso da administración coa eficiencia enerxética:

- Supervisar o cumprimento da lexislación en materia de eficiencia enerxética nas instalacións de alumeadado exterior por parte dos concellos galegos (Real Decreto 1890/2008 de 14 de novembro) revertendo a situación actual na que o 55% dos procedementos publicados na Plataforma de Contratación Pública de Galicia durante o 2015 incumpren a referenciada normativa
- Incluír nas posibles axudas a reformas e novas construcións (e nos pregos de condicións para obras públicas) criterios de eficiencia enerxética (superando aos xa incluídos na lexislación vixente).
- Promover á I+D en eficiencia enerxética naquelas industrias que pola súa singularidade teñan un impacto importante no desenvolvemento humano no ámbito galego (por exemplo industrias electrointensivas que sexan motores económicos en áreas rurais, etc,...)

Promoción da soberanía enerxética (novo modelo enerxético):

- Promover axudas e ordenanzas reguladoras que faciliten o auto abastecemento enerxético a baixa escala a partir de tecnoloxías que xa existen, explorando os límites que permiten as leis.
- Promover a participación cidadá, asegurando a igualdade de xénero, na toma de decisións relativas ao desenrolo de infraestruturas enerxéticas e o abastecemento enerxético.
- Promover o “asociacionismo enerxético” (cooperativas de consumo de enerxías renovables, instalación enerxéticas compartidas,...).

- Campañas de consumo responsable de enerxía nas propias institucións, mediante boas prácticas.
- Traballárase para declarar a Galicia “100% autosuficiente enerxicamente” (cando se produce máis da que se consume) e, idealmente, “100% autosuficiente de enerxías renovables”. Todo isto respectando escrupulosamente a planificación territorial correspondente ás zonas sensibles a determinados tipos de infraestruturas de xeración de enerxía.



+Info.:

Enxeñería sen Fronteiras

[http://esfgalicia.blogspot.com/es/](http://esfgalicia.blogspot.com.es/)

981167000 Ext 1479

info@galicia.isf.es

07 Garantir o dereito á saúde.

A saúde é un dereito humano fundamental e resultado final dunha serie de determinantes, entre eles o ámbito político, económico, social e físico. É responsabilidade dos gobernos garantir o acceso á atención sanitaria de calidade, á educación e a outros servizos sociais de acordo coas necesidades da poboación, independentemente da súa situación de regularidade ou irregularidade administrativa e do seu nivel socioeconómico.

- Neste eido **demandamos acabar coa exclusión sanitaria. Débense eliminar as lexislacións que facilitan condutas racistas e que provocan un gran dano social, por exemplo o propio O Real Decreto-lei 16/2012, do 20 de abril**, de medidas urxentes para garantir que o Sistema Nacional de Saúde sexa sostible e mellorar a calidade e seguridade das súas prestacións. Este decreto supuxo un cambio do modelo do Sistema de Saúde que, amparado pola crise económica, deixa a centos de miles de persoas sen asistencia sanitaria e retrotráenos a un desfasado sistema de aseguramento e copagamento pola prestación de determinados servizos.

A aplicación a nivel autonómico deste Real Decreto-lei obrigou á posta en marcha de diversas medidas que intentaron paliar os problemas ocasionados pola devandita norma estatal. **No caso de Galicia, desde o ano 2012, púxose en marcha o Programa Galego de Protección Social da Saúde Pública (PGPSSP). Este programa supuxo apenas un parche** xa que se teñen detectado moitos casos de persoas que non puideron acceder ao sistema sanitario a pesar de ter recoñecido o dereito por algunha das sete modalidades de acceso á asistencia sanitaria en Galicia, e casos de importantes trabas administrativas para poder renovar a inscrición no programa, o que demostra que este sistema é ineficaz e perpetúa a exclusión provocada polo RD Lei 16/2012.

Médicos do Mundo detectou, en Galicia, a través da intervención con colectivos de persoas inmigrantes, e como derivación doutras organizacións, numerosos casos de vulneración do dereito á saúde de persoas migrantes en situación de regularidade, procedentes de países con acordos bilaterais, familiares ascendentes de persoas en situación regular ou persoas con permisos de visados de diferentes tipos. Incluso, casos de vulneración de desatención de menores, mulleres embarazadas e urxencias o que supón a violación de todos os acordos internacionais e recomendacións da Organización Mundial da Saúde. (A atención a menores, mulleres embarazada e de urxencia é de obrigado cumprimento para os estados que ratificaron o Pacto Internacional de Dereito Humanos).

- Tamén neste eido **demandamos medidas que faciliten o acceso a medicamentos**. A falta de acceso a medicamentos é un dos problemas máis denunciados a nivel mundial : un terzo da poboación mundial, 2.000 millóns de persoas, carece de acceso ás medicinas básicas. Farmamundi propón dez liñas de acción para terminar cos problemas globais de acceso a tratamentos básicos:

•**Fomentar o acceso aos fármacos incluídos na Lista de Medicamentos Esenciais da Organización Mundial da Saúde (OMS).**

Creada en 1977, esta lista renóvase cada dous anos; a actual inclúe 300 medicamentos básicos para combater a gran maioría das enfermidades. Son medicamentos seguros, de calidade contrastada e a prezo asumible.

•**Excluír aos medicamentos declarados esenciais pola OMS dos acordos internacionais que regulan a propiedade intelectual e comercio,** isto é, os ADPIC da Organización Mundial do Comercio (OMC). Medicamentos vitais- como os usados contra o VIH/sida ou a hepatitis C- que marcan a diferenza entre a vida e a morte.

•**Loitar contra os abusos das patentes.**

O caso do Sovaldi® e outros tratamentos contra a hepatitis C evidenciou nos países considerados ricos un conflito frecuente nos países empobrecidos: a incapacidade de costear fármacos de prezo estratosférico. Deben activarse mecanismos legais como as licenzas obrigatorias, para contrarrestar estas prácticas abusivas coas patentes de medicamentos esenciais.

•**Rescatar ás enfermidades esquecidas.**

As enfermidades tropicais (paludismo, ébola, mal de Chagas e parasitosis en xeral) non adoitan afectar aos países desenvolvidos, polo que a investigación farmacéutica non se dirixe a estas patoloxías. É necesario un esforzo internacional na procura de novos mecanismos de investigación e desenvolvemento de tratamentos para estas enfermidades.

•**Impulsar que o acceso ás medicinas sexa un dereito fundamental.**

Cada vez máis persoas expertas propoñen que este principio sexa un novo dereito humano, adicional ao dereito á saúde. Non é posible que a humanidade produza medicamentos eficaces e só estean reservados a uns poucos.

•**Establecer prezos diferenciados para países ricos e pobres.**

As empresas deben ofrecer aos países en desenvolvemento medicamentos a prezos reducidos, distintos dos aplicados nos países ricos, onde

está o seu verdadeiro mercado. Estas prácticas deben ser reais e efectivas, sen trampas, e non simples estratexias de marketing filantrópico.

•**Crear redes de distribución nacionais.**

Hai países con recursos para adquirir medicamentos pero onde se carecen de infraestruturas de distribución. Debe apoiarse a creación de almacéns rexionais e postos de saúde locais que cheguen ao último quilómetro,

•**Loitar contra a falsificación de medicamentos.**

África Occidental, segundo a ONU, é a zona de maior incidencia deste problema. É necesario establecer mecanismos de garantía da calidade, así como de loita contra os laboratorios fabricantes de medicamentos falsos

•**Reducir a indolencia dalgúns Estados.**

Moitos gobernos están máis preocupados por facer gastos suntuarios rechamantes que pola saúde dos seus cidadáns. Así se explica que nalgúns países africanos o gasto sanitario per cápita non exceda os 10 dólares/ano, o que reduce a cotas mínimas o investimento en medicinas.

•**Apoiar o liderado da OMS.**

Escándalos como a gripe A minaron nos últimos anos o prestixio da OMS. A iso únese o cambio no seu financiamento e obxectivos: en 2016, en torno ao 75% do seu orzamento provén de fondos privados como a fundación Gates, que inexorablemente (quen paga, manda) cambiará as prioridades da organización. É necesario que os gobernos contribúan de forma efectiva de acordo coas súas capacidades



+Info.:

Médicos do Mundo-Galicia

[http://medicosdomundogalicia.blogspot.com/es/](http://medicosdomundogalicia.blogspot.com.es/)
981 578 182

galicia@medicosdelmundo.org,

Farmamundi Galicia

<http://www.farmaceuticosmundi.org>
Telf. 981 13 06 08
E-mail: galicia@farmamundi.org

08 Garantir o dereito humano á vivenda e hábitat.

A aposta institucional por modelos de cidades intelixentes debe responder tamén a aspectos de intelixencia social e emocional máis que aos meramente tecnolóxicos. Unha cidade intelixente é aquela que respecta e inclúe a diversidade e os valores identitarios da nosa contorna. **Para garantir un hábitat adecuado, seguro e saudable a tódalas persoas en base a criterios de sustentabilidade ambiental, económica e social, é necesario:**

- **Asegurar o dereito a unha vivenda adecuada a tódalas persoas**, poñendo especial atención nos problemas de infravivenda e desafuzamentos, a través da oferta de vivenda pública en aluguer social a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo.
- **Asegurar un sistema de mobilidade universal accesible, seguro, adecuado e sostible**, facendo especial incidencia na promoción dunha rede urbana e interurbana coordinada de transporte colectivo. Mantendo as conexións entre as zonas rurais e urbanas. Aprobación do Plan Director de Mobilidade Alternativa, no que se recolla os diferentes modos de transporte.
- **Introducir sistemas adecuados de participación cidadá**, na fase de elaboración dos proxectos, como ferramenta para a toma de decisións e a xestión dos espazos urbanos, rurais e paisaxísticos. A participación debe ser activa e non meramente consultiva.
- **Promover na edificación e no urbanismo, a aplicación de deseños e sistemas construtivos baseados na sustentabilidade ambiental**, fomentando a rehabilitación e o uso de materiais e sistemas construtivos que reduzan o consumo de enerxía e o impacto ambiental; a través da normativa específica que permita potenciar estes procedementos.



+Info.:

Arquitectura sen Fronteiras

www.galicia.asfes.org

galicia@asfes.org

981 167 000 (ext: 5033)

09 Garantir o dereito humano a auga.

En aplicación do **dereito humano á auga, demandamos a implementación da xestión do subministro con criterios de calidade, equidade social nas políticas tarifarias, boa gobernanza e transparencia**. Para iso, resulta fundamental garantir:

- **Unha dotación mínima** (no contexto mundial está entre 60 e 100 litros por persoa e día) e o compromiso de non cortar o subministro en caso de que se dean casos de impagos xustificados socialmente.
- Como en calquera servizo básico, non chega con asegurar o acceso. É preciso promover **novas formas de control social e de democracia participativa** que garantan transparencia e participación cidadá efectiva e proactiva, tal e como estableceu a Convención de Aarhus, trasposta á normativa europea pola Directiva 2003/35/CE, de 26 de maio de 2003, e á normativa española pola Lei 27/2006, de 18 de xullo, reguladora dos “dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente”. Establecendo unha batería de indicadores significativos para os distintos ámbitos da xestión (técnicos, financeiros, sociais, ambientais, patrimoniais), accesibles a través de internet, comprensibles para a cidadanía e que se cumpran sexa quen sexa o provedor de servizos (empresas públicas, mixtas ou privadas).

- **Compromiso de impulsar campañas de fomento da auga de “billa”** e de consideración da auga embotellada como unha opción de consumo a través de información sobre os impactos ecolóxicos relacionados. Farase a través de iniciativas de información públicas de consumo de auga de billa e de bos hábitos no uso da auga; dun maior esforzo para garantir a calidade da auga; da utilización da auga da billa en centros públicos e, por defecto, en actos públicos da administración; e da mellora das redes de fontes públicas de auga potable.
- **Reformulación da Lei de Augas de Galicia** mediante un proceso público participativo. Creación dunha comisión cun funcionamento recollido na propia lei e que conte con representantes de todos os actores sociais que participen da xestión ademais de todas aquelas persoas interesadas. (Existe algo parecido na lei de Augas de Galicia, o “Consejo para el Uso Sostenible del Agua”, pero non están ben definidas as súas funcións nin os grupos que o compoñen).
- Engadir un Título no que **se recoñeza explicitamente o dereito humano á auga**, e nas súas dimensións do dereito á participación dos usuarios e o acceso á información, ao estilo da Ley de Aguas de Aragón. Neste título desenvolveranse protocolos e ferramentas de participación, así como a referencia a unha guía de indicadores de xestión que serán de obrigado cumprimento para todos os Concellos da Confederación Hidrográfica de Galicia-Costa, de competencia exclusiva da Comunidade Autónoma.



+Info.:

Enxeñería Sen Fronteiras

[http://esfgalicia.blogspot.com/es/](http://esfgalicia.blogspot.com.es/)
981167000 Ext 1479 info@galicia.isf.es

10 Promover acceso á tecnoloxía axeitada e igualitaria.

No eido das tecnoloxías de información e comunicación, se considera que o software libre debe ter un papel predominante nas estruturas TIC da administración autonómica. Todo iso redundará no aforro en licenzas de programas privativos, ademais da redución da dependencia tecnolóxica e, por suposto, da potenciación do tecido local de empresas de servizos para o desenvolvemento e mantemento das infraestruturas TIC. Ademais, **todo software desenvolvido directamente por algún servizo dependente da Administración Autonómica, ou ben indirectamente a través dunha contrata, ten que ser de software libre e poñer o código á disposición da comunidade. Deste xeito, as ferramentas informáticas desenvolvidas para as necesidades da Administración Autonómica deben ser tamén postas a disposición da sociedade, ademais da propia información xerada con fondos públicos** . Tamén é importante que na concesión de axudas de I+D o desenvolvemento libre sexa un criterio clave de puntuación para a adxudicación da subvención. Sería unha forma de promover o desenvolvemento libre. Ademais non se permitirán patentes a partir de proxectos financiados en todo ou en parte por diñeiro público da administración autonómica (pasando a dominio público todo descubrimento realizado). Hai que coidar especialmente os cada vez máis numerosos trámites online, algúns deles presentan problemas para acceder con navegadores non privativos.

- **Recuperar as iniciativas de Internet sen cables** municipal que asegure un mínimo acceso a Internet , así como participar nos grupos de negociación e presión coas operadoras para pechar a fenda dixital en Galicia (incluíndo iniciativas de redes alternativas). É especialmente importante a promoción da alfabetización dixital da cidadanía, no que tamén ten un papel importante a administración autonómica, a través de plans para persoas de todas as idades.

- Promoción do **acceso aberto e a transparencia radical en datos públicos**, con acceso sinxelo tamén a datos de estatísticas autonómicas (incluíndo datos en bruto que facilite a elaboración de investigacións).
- **Seguir facilitando o acceso ás persoas con algún tipo de discapacidade** páxinas web que cumpran os estándares para persoas con problemas de visión, e posibilidade de acceso para persoas cegas con “lectores de pantalla” a todas as web dependentes da Xunta de Galicia.
- **Potencial o portal** <http://transparencia.xunta.gal/portada>, dándoo a coñecer á cidadanía e promovendo programas e obradoiros adaptados

a todas as idades para desenvolver na sociedade e na administración autonómica unha auténtica cultura da participación cidadá e a transparencia.

Non chega con facilitar as ferramentas, tamén hai que promover a cultura da participación da cidadanía.



+Info.:

Enxeñería sen Fronteiras

<http://esfgalicia.blogspot.com.es/>

981167000 Ext 1479

info@galicia.isf.es



O MUNDO QUE QUEREMOS

**PROPOSTAS DA
COORDINADORA
GALEGA DE ONG**

**PARA O
DESENVOLVEMENTO**

**ELECCIÓN
GALEGAS
2016**



Coordinadora
Galega de ONG para
o Desenvolvemento